



BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 MONITOR PARA A IMPARTICIÓN DAS SEGUINTE ACTIVIDADES: TÉCNICAS DE AERÓBIC-TONIFICACIÓN E DE IOGA-PILATES .-

Primeira.- Obxecto.- É obxecto desta convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, a selección e contratación laboral temporal a tempo parcial de 1 monitores/as para a impartición de actividades físico-deportivas: Técnicas de aeróbic-tonificación e step e de Ioga-Pilates, no marco do artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A modalidade contractual será dun contrato laboral de duración determinada a tempo parcial para obra ou servizo determinado.

Segunda.-Duración do Contrato.-

Duración inicial do contrato será de outubro a 31 de decembro 2017, sen prexuízo de que poida ser prorrogado ata o remate da programación de actividades no ámbito competencial da promoción do deporte e ocupación do tempo libre, ao abeiro do Orzamento 2017-2018.

Terceira.- Retribucións.

As retribucións serán as establecidas no Presuposto Municipal, sen prexuízo do que se estableza na lexislación básica estatal que se dicte ao amparo do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución. A xornada, ao longo da duración do contrato, poderá verse modificada en función das necesidades do servizo modificándose proporcionalmente as retribucións.

Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes.

1.- Os requisitos a continuación enumerados, serán imprescindibles para o acceso a praza.

a).- Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto de empregado Público, ou ser estranxeiro con permiso de residencia e traballo en vigor.

b).-Ser maior de 18 anos de idade e non haber alcanzado a idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do Título de Graduado Escolar, Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, FP 1 ou equivalente.

d).- Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude do expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

e).-Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

f).-Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

g) Non padecer enfermidade ou defecto físico que o imposibilite para o desempeño das funcións correspondentes o posto.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

j) Carecer de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

Todos os requisitos esixidos no punto anterior, deberán reunilos os aspirantes o día que finalice o prazo para presentar as solicitudes.

Quinta .- **Presentación de instancias e listas de admitidos.-**

1.-As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia dirixida a Sra. alcaldesa-presidenta do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do posto de traballo convocado ó que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria. Cada aspirante poderá optar a máis dunha especialidade, debendo solicitar por separado para cada unha das especialidades a que opta.

2.- Para ser admitido neste proceso selectivo as persoas que desexen tomar parte no mesmo deben aboar 5,00 € en concepto de dereito de participación no prazo de presentación de instancias na conta bancaria do Concello de Meaño aberta en ABANCA nº de conta: ES03 2080 5044 31 3040001099.

3.-O prazo de presentación de instancias é de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.- A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello, situado na Casa Consistorial de Meaño sita na R/campo da Feira nº 1 (Meaño), ben en calquera das formas establecidas no art. 14.6, da Lei 39/2015 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo/a funcionario/a de Correos antes de seren certificadas. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no Rexistro Xeral do Concello deberán comunicalo por telegrama, fax número 986747391 ou por correo electrónico concellodemearno@concellodemearno.com ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

O Concello facilitará o modelo de solicitude aos interesados que a soliciten podendo tamén obterse na páxina Web do Concello www.concellodemearno.com

5.-A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

*Fotocopia do DNI, compulsada por ambas caras.

* Copia compulsada da titulación esixida.

* Acreditación médica de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizalas funcións propias a desenvolver.

*Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados polos aspirantes segundo o correspondente baremo.

*Xustificación de ter aboado os dereitos de participación (dentro do prazo de presentación de instancias, non subsanable).

* Documentación acreditativa de dispoñer do CELGA 2 ou ter superado o curso de iniciación, para acadar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego.

* Declaración responsable sobre a ausencia de antecedentes penais por delitos de natureza sexual



En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados ou xustificadas debidamente no prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que sexan necesarios para valorar os méritos que se refiren.

Sexta .- Admisión de aspirantes.-

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Concello dictará resolución coa lista de candidatos/as admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que será publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os aspirantes excluídos ou omitidos disporán do prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder enmendar, no seu caso o defecto que motiva a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións dictarase unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e aprobando a lista definitiva que se publicará na web e no taboleiro de anuncios do Concello. Xunto coa lista definitiva sinalarase o día e hora da reunión da Comisión de Valoración para a súa constitución e a data de realización das sucesivas probas.

Sétima .- Proceso de selección

Establécese o sistema de concurso de méritos, práctica e entrevista méritos en atención á natureza do posto e entrevista.

FASE DE CONCURSO: Valoraranse ós méritos seguintes

1.-Experiencia Profesional:

A Puntuación máxima será de 2 puntos

-Por haber prestado servizos como monitor nas especialidades para as que se solicita a participación; en concellos ou noutras administracións públicas mediante unha relación laboral contractual, ou como profesional autónomo: 0,10 puntos por cada mes de traballo a xornada completa ou 0,05 puntos por cada mes de traballo a tempo parcial, non computándose fraccións inferiores a meses completos.

- Por haber prestado servizos como monitor nas especialidades para as que se solicita a participación; en empresas ou asociacións, mediante unha relación laboral contractual ou como autónomo ou como colaborador: 0,04 puntos por cada mes traballado a xornada completa ou 0,02 puntos por cada mes de traballo a tempo parcial, non computándose fraccións inferiores a meses completos.

A experiencia profesional deberase acreditar mediante orixinais ou copia compulsada de:

* contratos de traballo xunto co informe de vida laboral

* certificados de empresa no que conste a ocupación para a que foi contratado, a data de inicio e fin da contratación, así como o tipo de xornada entre outros datos.

-Declaración de facturación nos casos de profesionais autónomos, acompañado do informe de vida laboral

-Liquidacións de cobro de asociacións, acompañado do informe de vida laboral.

Na documentación presentada deberán quedar constatadas as funcións desempeñadas no periodo de



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

contratación, as cales, podrán tamen acreditarse mediante un certificado no que se describan as mesmas.

Non se valorará nin se terá en conta aquela experiencia profesional que non se axuste o disposto neste apartado.

2.-Formación: A puntuación total máxima que se pode acadar neste apartado é de 2 puntos.

Por cursos organizados, impartidos ou homologados por institucións ou organismos oficiais, sindicatos, universidades, colexios oficiais ou escolas e administracións públicas, relacionados co obxecto da prestación;

- De duración igual ou superior a 100 horas: 1 punto
- De duración igual ou superior a 60 horas: 0,60 puntos
- De duración igual ou superior a 40 horas: 0,40 puntos
- De duración igual ou superior a 20 horas: 0,20 puntos.
- De duración ata 10 horas: 0,10 puntos.

Por cursos organizados ou impartidos por centros, entidades ou asociacións de ocio e tempo libre ou actividades físicas, relacionados co obxecto da prestación:

- De duración igual ou superior a 100 horas: 0,50 punto
- De duración igual ou superior a 60 horas: 0,30 puntos
- De duración igual ou superior a 40 horas: 0,20 puntos
- De duración igual ou superior a 20 horas: 0,10 puntos.
- De duración ata 10 horas: 0,05 puntos.

3.- Por titulación ou especialización superior á requirida relacionada co obxecto do contrato:

- Licenciatura en ciencias da actividade física e do deporte, diplomatura en maxisterio especialidade de educación física ou técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas: 1 punto

4.- Coñecemento do idioma galego:

- Por ter acreditado o nivel Celga 2, equivalente ou superior: 0,40 puntos.

A puntuación máxima deste apartado será de 0,40 puntos.

Valorados os méritos pola comisión de valoración, publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello.

FASE DE OPOSICIÓN:

Exercicio Práctico: Constará dunha proba de carácter obrigatorio e eliminatória, na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo.

Esta proba valorarase de 0-3 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 1,5 puntos.

Proba de coñecemento do idioma galego: Obrigatorio e non eliminatorio, para os aspirantes que



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com



non acrediten o nivel de coñecemento do idioma galego Celga 2, equivalente ou superior, que consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto, ou nun ditado ou diálogo en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 10 minutos. Neste exercicio valorarase a corrección fonética, gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a cero con catro (0,4) puntos.

ENTREVISTA:

A entrevista ten carácter obrigatorio e versará sobre as o desenvolvemento das funcións e contidos relacionados co posto de traballo, a dispoñibilidade horaria, mobilidade, etc.

Valoración máxima entrevista: 1 puntos.

Sétima.- Puntuación final.

A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e entrevista, de acordo co baremo establecido nas bases. A Comisión de Valoración relacionará os aspirantes por orde decrecente da puntuación final obtida e propondrá ao Sr. Alcalde a contratación do aspirante que acade a maior puntuación final. As puntuacións serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello.

Lista de reserva.- Os candidatos que non obtivesen a puntuación suficiente para ser propostos para a contratación quedarán nunha lista de reserva pola orde da puntuación acadada para cada praza e determinará a orde de contratación sucesivamente por orde decrecente de puntuación, de resultar preciso.

Novena.- Comisión de Valoración.

Para a selección destes traballadores constituirase unha comisión que estará integrada por Presidenta: D^a Cristina M^a García González (Informadora Xuvenil do Concello e Meaño), Suplente Trinidad Lorenzo Lema (funcionaria do Concello). Secretaria: D^a M^a Teresa Escudero Barral Secretaria do Ilmo Concello de Meaño, suplente D^a Pastora Castro Lema (funcionariado Concello), Vocais: D^a Isabel Amil Núñez (Técnica de Emprego e Desenvolvemento Local), Ana Alonso Robledo (Educadora Familiar) e Sheila Barreiro Bouzada (Auxiliar de Atención Primaria), suplente Pilar Domínguez Panadero (Traballadora Social).

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 39/2015 ou no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo.

Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal nos termos establecidos na Lei 39/2005.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

O tribunal poderá asesorarse polo técnicos que considere conveniente, que actuará con voz pero sen voto.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Décima.- Impugnación da convocatoria e incidencias.

O feito de presentar instancias solicitando tomar parte na convocatoria constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás presentes bases reguladora da mesma.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas polos interesados, nos casos, formas e prazos establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Undécima- Datos de Carácter Persoal.

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase ás persoas interesadas a participar neste proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados será incorporados a un ficheiro coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Meaño.

Os interesados autorizan ao Concello de Meaño a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como a publicación dos mesmos os taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados

Meaño, 27 de xuño de 2017



A alcaldesa

Asdo: Mª Lourdes Ucha Varela

Diligencia: As presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de xullo de 2017.

Meaño, 4 de xullo de 2017

A Secretaría-Interventora



Mª Ceresca Escudero Barral